

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE SETEMBRO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 2 de setembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 5, 6b e 10d)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 7, 9b, 9c, 10b, 10c, 11a, 11b e 11c)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste ao punto 11e)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11d)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 29 de agosto de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 1 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. LUCIMARCA, S.L.
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA, S.L.

Os dous licitadores presentaron documentación dentro do prazo concedido para o efecto.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. LUCIMARCA, S.L.
 2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA, S.L.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial e o xefe do Servizo de Comercio o 30 de agosto de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos. Reprodúcense a continuación as ofertas presentadas:

- LUCIMARCA, S.L. (lotes: 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)

- LOTE 1:

- 1.- Propón un prezo unitario de 5 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 0 unidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 2 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- LOTE 2:

- 1.- Propón un prezo unitario de 2,63 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 0 unidades.

- LOTE 3:

- 1.- Propón un prezo unitario de 13 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo do tipo de produtos doces (3 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 3 do PPTP) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 0 unidades.

- LOTE 4:

- 1.- Propón un prezo unitario de 17,50 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o número de bocados doces por persoa (2 bocados) segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP en 0 unidades.

- LOTE 5:

- 1.- Propón un prezo unitario de 38 euros.
- 2.- Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 0 unidades.
- 4.- Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 0 unidades.

- LOTE 6:



- 1.- Propón un prezo unitario de 9,50 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 0 unidades.

- LOTE 7:

- 1.- Propón un prezo unitario de 0,25 euros.

- PANADERÍA EL TRIGAL CELTA S.L. (lotes 1, 3, 4 e 6)*

- LOTE 1:

- 1.- Propón un prezo unitario de 210,80 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 0 unidades.

- LOTE 3:

- 1.- Propón un prezo unitario de 1.317,58 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo do tipo de produtos doces (3 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 3 do PPTP) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 0 unidades.

- LOTE 4:

- 1.- Propón un prezo unitario de 1.844,61 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP) en 0 unidades.
- 3.- Incrementa o número de bocados doces por persoa (2 bocados) segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP en 0 unidades.

- LOTE 6:

- 1.- Propón un prezo unitario de 10,54 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 4 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2.- Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 0 unidades.

* No orzamento detallado indícanse os prezos unitarios por persoa.

- GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)

- LOTE 1:

1.- Propón un prezo unitario de 4,91 euros.

2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 4 unidades.

3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 2 unidades.

- LOTE 2:

1.- Propón un prezo unitario de 2,36 euros.

2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 3 unidades.

3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 1 unidades.

- LOTE 3:

1.- Propón un prezo unitario de 11,65 euros.

2.- Incrementa o número mínimo do tipo de produtos doces (3 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 3 do PPTP) en 4 unidades.

3.- Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 3 unidades.

- LOTE 4:

1.- Propón un prezo unitario de 16,23 euros.

2.- Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP) en 4 unidades.

3.- Incrementa o número de bocados doces por persoa (2 bocados) segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP en 3 unidades.



- LOTE 5:

- 1.- Propón un prezo unitario de 35,34 euros.
- 2.- Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 3 unidades.
- 3.- Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 3 unidades.
- 4.- Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 1 unidade.

- LOTE 6:

- 1.- Propón un prezo unitario de 9,56 euros.
- 2.- Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 1 unidade.

- LOTE 7:

- 1.- Propón un prezo unitario de 0,18 euros.

Os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D^a. Amelia Durán Fernández, con DNI **. *3.88, en representación de PANADERÍA EL TRIGAL CELTA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

- ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.

- 1.- Propón o seguinte incremento de elementos decorativos:

a) Incrementa o número de arcos en relación co esixido no anexo 1A do PPT: si, en 60 unidades e coa seguinte distribución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 6 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEEM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Modelo ARC 06: 40 unidades (máximo 40 unidades)
- Modelo ARC 08: 20 unidades (máximo 20 unidades)

b) Incrementa o número de motivos en relación co esixido no anexo 1A do PPT: si, en 100 unidades e coa seguinte distribución:

- Modelo MOT 09: 75 unidades (máximo 75 unidades)
- Modelo MOT 49: 25 unidades (máximo 25 unidades)

c) Incrementa o número do conxunto de elementos en relación co esixido no anexo 1B do PPT en 30 árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade (máximo 30 unidades).

d) Incrementa a porcentaxe do stock de seguridade esixida na cláusula 3.5 do PPT (5%) nun 5%.

2.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de 638.866,80 euros.

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais de conformidade cos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, polo que ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 procede outorgarlle ao licitador a máxima puntuación por ser o único admitido:

1.- Incremento de elementos decorativos: 50 puntos

- A.- Incremento do número de arcos modelos ARC 06 e ARC 08: 15 puntos
- B.- O incremento no número de motivos MOT 09 e MOT 49: 15 puntos
- C.- A iluminación en árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade ata un máximo de 30 unidades: 15 puntos
- D.- Incremento da porcentaxe de elementos en STOCK para a substitución ou intercambio da proposta realizada: 5 puntos

2.- Redución do prezo: 12 puntos

Puntuación total Sobre C: 62 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador no sobre B (38 puntos) a puntuación total é a seguinte:

Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	38 puntos	62 puntos	100 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 7 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Administración Xeral e o xefe da Área de Investimentos do 29 de agosto de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NAROM, S.L. por canto a súa oferta están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 22 de agosto de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 19 de agosto, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. APDTIC PROFESIONALES, S.L.
2. SEGURDADES, S.L.

Durante o prazo concedido, só APDTIC PROFESIONALES, S.L. presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 29 de agosto de 2022 o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe "*da oferta presentada polo licitador APDTIC PROFESIONALES, S.L conclúese a xustificación do prezo é suficiente e esta xustificación e conforme ó orzamento detallado*".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de SEGURDADES, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 8 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 29 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado técnico de Administración Xeral e o xefe da Área de Investimentos do 29 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado técnico de Administración Xeral e o xefe da Área de Investimentos do 26 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, de FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES, S.L. por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 9 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I – FEC- do PCAP

Segundo.- Excluir deste procedemento a SEGURDADES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	APDTIC PROFESIONALES, S.L.	93.00
2	GRUPO UNIVE SERVICIOS JURÍDICOS, S.L	85.82
3	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	77.86
4	CONVENCE ABOGADOS, S.L.	68.41

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, APDTIC PROFESIONALES, S.L. (B-70.487.053), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209” (1.184-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209” (1.184-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CIVISGLOBAL, S.L.U.	93,07



**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,72
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A	87,66

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,77
2º	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	93,73
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	85,70
4º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	85,53
5º	ORECO BALGON, S.A.	84,69
6º	NAROM, S.L.	84,33
7º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	83,94

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 11 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 12 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- Con data do 1 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con datas 7 e 8 de marzo de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (274.019,36 euros), sendo o importe correspondente ao IVE de 47.557,08 euros.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.60 "Human. Tercio de Afora", provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	274.019,36 €
------	--------------

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 13 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Puntuación total
1	ORECO BALGON S.A.	34,61
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	31,83

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON S.A. (A-36614691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A., o día 11 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 22 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de 3 días ao licitador para poder presentar o anexo IV do PCAP esixido na cláusula 22.

Dentro do prazo concedido o licitador presentou a documentación requirida.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGON, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 14 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGON, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 20 e 21 de xuño e 1 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da resolución adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), do 10 de agosto de 2022, pola que se exclúe a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.*
2. *Adxudicar a ORECO BALGON, S.A. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441) por un prezo total de 274.019,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 47.557,08 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

Retírase este asunto da orde do día a pedimento do servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 15 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "ENCAUZAMENTO DAS ESCORRENTÍAS SUPERFICIAIS NO ENTORNO DA RÚA PAZ PARDO", redactado polo redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Julio Roberes De Cominges.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral en data 05.04.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (238.875,99 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 41.457,82 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.6190092 "Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo", provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	238.875,99 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 16 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,56
2	LAPATIÁN, S.L.	63,56

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 12 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 25 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 17 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 de xuño e 1 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de NAROM S.L adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de agosto de 2022, por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441) por un prezo total de 227.983,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.567,34 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 e 6)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 18 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles

Infórmase que con data 12 de agosto de 2022 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6), que presentan documentación o 30 de agosto, dentro do prazo concedido.

Unha vez revisada a referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de 3 días para que emenden a seguinte documentación:

1. ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2): deberá acreditar a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP ("Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación"). Así mesmo, deberá presentar o anexo IV "DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR" e anexo V "DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES (DACI) PARA OS CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS " do PCAP esixidos na cláusula 22.2 do PCAP,
2. JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6): deberá acreditar a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP (segundo o indicado no punto anterior) e presentar certificados positivos de non ter débedas coa AEAT e a Seguridade Social, toda vez que feitas as comprobacións pertinentes polo Servizo de Contratación constan débedas cos referidos organismos.

e) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 19 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación de servizos, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo (R/Marqués de Valterra nº 6) e do Piso de Transición á Vida Autónoma (PTVA), que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica, o Prego de Prescricións Técnicas (con Anexos do persoal subrogable e dos custos salariais desagregados: trámites núms. 132, 26 e 27, respectivamente), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19.04.2022 (trámite n.º 175), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 38-40) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato 3.426.257,88 € (IVE incl.), que se imputará á aplicación nº 2310.227.99.13 ("Prestación servizo Centro de Servizos Sociais") dos vixentes orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

- 2022: 95.173,83 €
- 2023: 1.142.085,96 €
- 2024: 1.142.085,96 €
- 2025: 1.046.912,13 €

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión de Fundación SAMU acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de agosto de 2022 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230850-301) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 20 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	93,73 puntos
2	GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL S.A.U.	87,00 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q-2866001G), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("A empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS)").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ ROJA ESPAÑOLA, o día 23 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 26 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CRUZ ROJA ESPAÑOLA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 21 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CRUZ ROJA ESPAÑOLA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 2 e 9 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de Fundación SAMU acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de agosto de 2022, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q-28.660.01G) o procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 3.084.324,52 euros, exento de IVE.*
 - b) *Comprométese a achegar 2 medias xornadas laborais anuais, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello, de titulados superiores ou diplomados a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro.*
 - c) *Comprométese a aportar unha media xornada laboral anual de limpador/a durante o período do contrato, sen custe adicional para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:48 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:46	Páxina 22 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A84B-5F2126-28C9EH-FEFM23-BW8Z2F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		